

# ANALISE MUSICAL II

## ORIENTACIÓNS XERAIS

### 1. Introducción

A materia de Análise Musical II está asociada ao desenvolvemento de competencias específicas diversas, tanto na súa natureza, en relación cos obxectivos específicos da materia, como na súa transversalidade en relación coas competencias clave e cos contidos xerais do bacharelato, nas súas diversas modalidades e máis especificamente, na modalidade de Artes. Combínanse así competencias de tipo procedimental, con competencias conceptuais e mesmo actitudinais, que permitan non só a comprensión das obras musicais en diferentes contextos históricos e culturais, senón tamén a capacidade para desenvolver a creatividade e a valoración crítica das obras, alleas ou propias, no contexto da sociedades da información e do traballo comunitario e interdisciplinar.

A materia parte dos contidos propedéuticos desenvolvidos en Analise Musical I: elementos da análise musical, síntese formal da obra e crecemento a partir das estruturas propias da linguaxe musical, para conducir a un afondamento nestes coñecementos e a súa posta en acción no ámbito da creatividade e a súa conexión co contexto cultural no que a música se crea, se transmite e se percebe. Principios como a repetición, a variación ou o desenvolvemento interno a partir das propias estruturas musicais, son piares para o afianzamento da capacidade de valorar a obra musical como un conxunto dotado de pleno significado autónomo. E igualmente, máis alá do nivel interno, a análise musical permite a incardinación da obra no seu contexto cultural, proporcionando claves para unha axeitada valoración da relevancia da música como espazo de construción e cambio dese mesmo contexto.

Os **contidos** de Análise Musical II concréntanse en dous bloques curriculares. **Técnicas de análise musical**, comprende a escoita activa e o recoñecemento dos elementos formais constitutivos da obra musical: instrumentación, texturas, relacións verticais e horizontais do son, elementos rítmicos, relacións texto-música, aspectos organolóxicos, entre outros que podan ser relevantes en función da obra específica. **Xéneros musicais**, comprende o recoñecemento e localización estilística das obras musicais, sexa desde contextos históricos ou actuais, así como nos diferentes ámbitos da cultura, ben sexa académica ou popular. Pero tamén, a funcionalidade social dos diferentes xéneros, o seu relevo no ámbito da cultura no seu conxunto e a súa contribución ao desenvolvemento social e ao benestar comunitario, derivada da capacidade que a música ten como instrumento para a expresión e a regulación emocional e mesmo como ferramenta terapéutica individual e colectiva.

O deseño da proba ABAU desta materia atende xa que logo, ao desenvolvemento destes contidos e as súas competencias asociadas, mediante ferramentas coñecidas e traballadas polo alumando no currículo do bacharelato, e máis especificamente, do segundo

curso. Tendo en conta que esta materia ten estado ausente nestes últimos anos nas probas ABAU e coa finalidade de conectar coa tradición académica que se viña practicando na súa preparación, óptase por manter no posible a estrutura e contidos das probas que se viñan facendo en anteriores convocatorias.

O **comentario da audición** a partir de preguntas-guía, pon en práctica a capacidade de recoñecemento dos elementos constitutivos da obra musical, así como a competencia para elaborar textos que sexan suficientemente descritivos das súas particularidades, dando ademais conta da incardinación da mesma nun contexto estilístico e cultural concreto e da súa localización na liña evolutiva da creación musical. Así mesmo, permite mostrar a capacidade crítica do alumnado de cara á avaliación das funcións sociais da música en diferentes contextos. Nesta convocatoria propónse un banco de **quince (15) audicións**, seleccionadas de entre as vinte e cinco que conformaban a selección na última convocatoria anterior habida, **xunto cos seus respectivos descritores (ANEXO I)**

Pola súa parte, a pregunta de **temas de desenvolvemento**, permite concretar en unidades breves contidos conceptuais e/ou transversais que esixen ademais un traballo expositivo de espazo limitado. As preguntas serán extraídas de un listado pechado de **quince (15) temas** que se completan con **descritores de resposta** para cada tema con carácter orientativo, non prescriptivo **(ANEXO II)**.

A pregunta de **definicións**, así como os **exercicios técnicos**, avalían o coñecemento de termos técnicos e conceptuais que son precisos para o desenvolvemento da análise musical. No caso das definicións, propóronse **descritores de resposta**, sempre con un carácter orientativo **(ANEXO III)**

No seu conxunto, o deseño da proba, coa posibilidade de escolla libre multiopción entre os diferentes tipos de preguntas, cubre o espectro das diferentes competencias que se consideran pertinentes, permitindo ao mesmo tempo que o alumnado poda sacar o mellor partido das súas capacidades mediante a escolla das preguntas que mellor considere.

## 2. Obxectivos, contidos e criterios xerais de avaliación.

OBX1. Analizar os elementos musicais de diferentes obras, utilizando a escoita activa e o estudo de partituras, para describir as súas características e establecer comparacións.

- A identificación, a través da análise e a partir da escoita activa dos elementos que constitúen unha obra musical e da función que estes realizan dentro da composición resulta fundamental para a súa comprensión.
- Xunto a esta análise, a descrición das características dos elementos que constitúen a obra (ritmo, melodía, harmonía, timbre, compoñentes expresivos etc.) potencia a conexión entre as aprendizaxes sobre teoría musical e o seu recoñecemento perceptivo,

proporcionando, ademais, a posibilidade de realizar comparacións entre os trazos que definen diversas composicións.

- Así mesmo, a detección de analoxías e diferenzas entre obras musicais creadas en diferentes contextos e pertencentes a xéneros e estilos variados permítelle ao alumnado o acceso a un universo sonoro amplo que posibilita o enriquecemento dos seus gustos musicais e a ampliación do seu repertorio artístico.

OBX2. Establecer relacións entre os elementos musicais dunha composición, a través da análise da súa estrutura e dos procedementos compositivos utilizados, para asociar a obra cun xénero, un estilo e un contexto de creación.

- No discurso musical establécense relacións entre os distintos elementos que forman parte dunha obra. Quen compón utilizou procedementos (repetición, variación, contraste, desenvolvemento, etc.) que determinan en gran medida a natureza das devanditas relacións e a estrutura ou forma resultante. A súa análise non só permite profundar na comprensión das técnicas compositivas empregadas, senón que, ademais, favorece a construción dunha visión global da obra musical a través da interrelación que se produce entre os diversos compoñentes e os factores contextuais e estilísticos que inciden no resultado musical final. Neste marco, o desenvolvemento de investigacións a partir de fontes de información, tanto analóxicas como dixitais, sobre o autor ou autora e o contexto de creación contribúe a un mellor desenvolvemento desta competencia.
- Finalmente, o alumnado poderá asociar os trazos distintivos dunha composición cos estilos e os xéneros que se foron desenvolvendo ao longo da historia da música, así como con determinadas formas-tipo de especial relevancia que foron evolucionando ao longo do tempo.

OBX3. Elaborar comentarios sobre as obras analizadas, utilizando unha terminoloxía adecuada e consultando distintas fontes de información, para expresar xuízos persoais fundamentados e contribuír á difusión do patrimonio musical a través dos medios dispoñibles.

- O desenvolvemento de habilidades de identificación, análise e descrición de elementos musicais, así como de comparación entre diversas obras e interpretacións, achégalle ao alumnado a terminoloxía e as ferramentas necesarias para expresar, de maneira fundamentada, a súa valoración persoal sobre a creación ou sobre a interpretación dunha obra determinada.
- Estes comentarios persoais veranse enriquecidos pola posta en común na clase de diferentes puntos de vista argumentados e pola información obtida a través da consulta de distintas fontes fiables.
- Dado que a elaboración dos devanditos textos supón en moitos casos a reelaboración da información consultada, promoverase o respecto aos dereitos de autor e á propiedade intelectual.

Análise Musical II	
Bloque 1: Técnicas de análise musical	
Criterios de avaliación	Obxectivos
· CA1.1. Describir as características musicais dunha obra a partir da escoita activa analizando os seus elementos constitutivos e a función que estes cumpren dentro da composición.	OBX1
· CA1.2. Comparar os elementos constitutivos e as características musicais de diferentes obras, establecendo analogías e diferenzas entre elas, a partir da escoita activa.	OBX2
· CA1.3. Distinguir os principais xéneros e estilos musicais que se desenvolven na historia, analizando os factores que inciden na evolución das formas musicais.	OBX4
· CA1.4. Asociar as obras analizadas cun xénero, un estilo e un contexto de creación determinados, identificando, de forma autónoma, a estrutura formal e os procedementos compositivos utilizados.	OBX4
· CA1.5. Expresar xuízos persoais sobre as obras analizadas, argumentando a opinión propia e utilizando unha terminoloxía musical adecuada.	OBX3
· CA1.6 Xustificar a opinión propia sobre as obras analizadas, investigando e seleccionando a información máis pertinente a partir de medios analóxicos e dixitais.	OBX3
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> <li>· A comparación como técnica analítica.</li> <li>· Técnicas de análise de audición.</li> <li>· Técnicas para a análise do contexto de creación. O pensamento da persoa creadora, os condicionantes contextuais e a interpretación da obra.</li> </ul>	

Análise Musical II	
Bloque 2: Xéneros Musicais.	
Criterios de avaliación	Obxectivos
· CA2.1. Describir as características musicais dunha obra a partir da escoita activa analizando os seus elementos constitutivos e a función que estes cumpren dentro da composición.	OBX1
· CA2.2. Distinguir os principais xéneros e estilos musicais que se desenvolven na historia, analizando os factores que inciden na evolución das formas musicais.	OBX2

<ul style="list-style-type: none"> <li>· CA2.4. Asociar as obras analizadas cun xénero, un estilo e un contexto de creación determinados, identificando, de forma autónoma, a estrutura formal e os procedementos compositivos utilizados.</li> </ul>	OBX3
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> <li>· As características sonoras e estilísticas da música desde a Idade Media ata a actualidade.</li> <li>· As formas e os xéneros musicais desde a Idade Media ata a actualidade.</li> </ul>	

### 3. Orientacións metodolóxicas para a preparación da proba

Para a realización da proba de Análise Musical II faise necesario traballar tres aspectos fundamentais: audicións; emprego da terminoloxía e vocabulario da materia; e aprendizaxe dos conceptos teóricos e técnicos que articulan o feito musical.

O alumnado, para asimilar o aprendido, debe facer un bo uso do **vocabulario técnico da materia** e a súa aplicación na análise, reforzado co traballo do **léxico musical a través de definicións básicas** e conceptos máis amplos. No comentario das audicións, deixará así constancia do papel que xogan os diferentes elementos da linguaxe musical e que van caracterizar os trazos propios das obras propostas para os diferentes períodos artísticos.

Xa que logo, na **pregunta da audición** deben recoñecer as características estilísticas que sirvan para a identificación de parámetros sonoros específicos: **xénero, timbre, ritmo, melodía, harmonía, ritmo, textura, dinámica, e forma e estrutura**, traballando cunha visión transversal os contidos musicais, relacionando o contexto formal e histórico, así como o desenvolvemento analítico das obras.

Como se mostra no **Modelo de Exame**, o alumnado poderá escoller entre: a análise de **tres audicións** como se ten indicado; **unha pregunta de temas a desenvolver** con unha extensión de media páxina aproximadamente, para cada un dos dous temas propostos; **unha pregunta de definicións** e un **exercício práctico** sobre elementos da **teoría musical** básicos, que debe coñecer o alumnado (intervalos, tonalidade, acordes, graos tonais, escalas, etc). Para todos os exercicios provense nos respectivos **ANEXOS, bancos de preguntas con descritores de resposta** orientativos. Deses bancos, extraeranse as preguntas a formular na proba.

A metodoloxía de traballo na aula debe a capacidade da aprendizaxe autónoma, potenciando no alumnado o manexo de fontes bibliográficas, visuais e sonoras variadas. Ademais das explicacións, é necesario estimular a interacción entre alumnado e docente, promover a aprendizaxe traballando co intercambio e a confrontación de opinión, empregando o vocabulario axeitado

## GRUPO DE TRABAJO ANÁLISE MUSICAL II

Luís Costa Vázquez (Director)	UVigo
Martín Leránoz Iglesias (Subdirector)	USC
Íñigo Barreiro García	Inspección Educativa
Rubén Veloso Carnero	S.X.I.A.S.E.
Pablo López Campo	IES Antón Fraguas.
Manuel Rey Olleros	IES As Lagoas